



7. A Plena Idade Media

Para comezar

- Coñeces algún dos avances que tiveron lugar durante a Plena Idade Media? Cres que algún deles aínda segue vixente?
- Sabías que cada gremio identificábase cun símbolo? Sorprenderíaste se soubeses que algún aínda segue vixente?
- Sabes o que son as cruzadas? Coñeces algun videoxogo onde se desenvolva esta parte da historia?

As bases da paisaxe

A Plena Idade Media comprende os séculos XI ao XIII e foi un tempo de progreso e expansión para Europa.

As transformacións producidas no campo permitiron incrementar a produción agraria e con ela alimentar unha poboación cada vez máis numerosa. As cidades comezaron a recobrar o seu papel como centros de produción e intercambio de produtos, e nelas, artesáns e comerciantes adquiriron un crecente protagonismo. Formaban un novo grupo social: a burguesía. Os reis afirmaron o seu poder dentro do sistema feudal, dando lugar ás monarquías feudais, orixe dos principais Estados europeos. A Igrexa católica mantivo unha posición dominante na sociedade a través de poderosas institucións como o papado ou as ordes monásticas. Mostra do seu poder foron as cruzadas.

O noso proxecto



O noso proxecto

Nesta unidade propoñémosvos rexistrar nun espazo radiofónico algúns dos avances máis significativos da Plena Idade Media.

Falamos de avances na tecnoloxía, os mercados e a cultura. Comezamos!

O **primeiro grupo** traballará o ámbito do comercio a través da realización dunha peza de **radio teatro** ambientada nunha feira da Galicia medieval. Un narrador acompañará a un grupo de campesiños que acoden a intercambiar os seus produtos á feira. Debedes describir o percorrido dos comerciantes, non exento de riscos, a súa chegada á cidade atravesando as murallas, o pagamento de impostos, o balbordo do ambiente e a variedade de produtos que se ofrecen (algúns chegados desde moi lonxe).

Para documentar o traballo podedes extraer moita información a partir dalgunha das recreacións destas feiras que se celebran na actualidade, como por exemplo a [Feira Franca de Pontevedra](#) ou a [Festa da Istoría de Ribadavia](#). Ademais, nesta [páxina](#) achegarédesvos ao rico mundo dos oficios medievais. Así mesmo, tamén pode resultarvos interesante consultar información sobre os nomes das rúas e os edificios medievais máis significativos para dotar de realismo á vosa gravación.

Tras a visita á feira, introduciredes no programa de radio un espazo para a **publicidade** no que

exporedes os avances experimentados no campo da agricultura, a construción ou o armamento durante a Plena Idade Media.

Os compoñentes do **segundo grupo** debedes recoller información sobre algunhas destas **innovacións** tecnolóxicas, para o que podedes consultar a información da unidade e mesmo ampliala **nestas** páxinas. Unha vez superada a fase de documentación, gravaredes unha serie de cuñas publicitarias nas que incluiredes unha presentación e descrición do produto, destacando as novidades que introduce e as vantaxes que pode aportar o seu emprego. Lembraide que é fundamental dar cun bo slogan!

O **terceiro grupo** de traballo encargarse do treito final do programa, no que abordaremos un dos temas máis apaixonantes da cultura medieval: a música. Consistirá na gravación dun **espazo musical** no que actuaredes de locutores presentando unha serie de pezas representativas do contexto da época.

- No ámbito relixioso, o canto gregoriano constitúe a máxima expresión da música cristiá medieval: seleccionade unha mostra deste tipo de composicións e comentade as súas características axudándoos da información recollida nesta **páxina**.
- Outro fito da música medieval son as coleccións de cantos denominados «Carmina Burana». Propoñémosvos traballar sobre un titulado «In taberna quando sumus», que vos servirá para recrear o ambiente de xogo e lecer dun dos espazos de sociabilidade máis importante da Idade Media: as tabernas. **Aquí** podedes escoitar unha gravación e nesta **páxina** consultar a letra ou máis información.
- Tamén podedes realizar un achegamento ao mundo das ordes militares e as cruzadas a través da **peza musical** «Chevalier, mult estes guariz», ambientada na segunda cruzada. Nesta ligazón^[1] podedes ler a letra.

Aquí tes un documento para avaliar o teu traballo e o do teu grupo.

↑[1] Chevalier, mult estes guariz (letra)

Cabaleiros, a vosa saivacion esta asegurada desde que Deus vos cnamou para poñervos da súa parte contra os turcos e os almorávides, os cales ocasionaron gran deshonra.

Eles aumentaron os seus feudos contra todo dereito. Nós debemos causarlles dor para que Deus sexa servido primeiro e recoñecido como Señor.

O que con Luís vai, nunca debe temer o inferno, a súa alma irá ao Paraíso cos anxos do noso Señor.

Rohais foi tomada, como xa sabes, e os cristiáns teñen problemas. As igrexas foron incendiadas e destruídas, xa non se ofrecen alí máis sacrificios a Deus.

Cabaleiros, famoso polas súas armas, pensade nisto e ofreceo os vosos corpos a Deus, que foi sacrificado por vós.

O que con Luís vai, nunca debe temer o inferno, a súa alma irá ao Paraíso cos anxos do noso Señor.

Imos e conquistemos a Moisés no Monte Sinaí: non o abandonemos por máis tempo a mans dos sarracenos, nin ao seu pobo, ao que separou as augas do Mar Vermello cun só sopro, cando o pobo estaba con el e o Faraón se volveu para perseguilos e perigaron con el todos os seus homes.

O que con Luís vai, nunca debe temer o inferno, a súa alma irá ao Paraíso cos anxos do noso Señor.

A expansión agraria e o crecemento da poboación

A partir do século X as incursións de viquingos, búlgaros e maxiars fixéronse cada vez máis esporádicas e remataron por desaparecer. Aqueles pobos belicosos asentáronse e integráronse en Europa, fundando comunidades agrícolas e establecendo relacións comerciais que deron lugar a un período de certa paz e tranquilidade. Así mesmo, tamén diminuíron as violentas guerras entre señores grazas á consolidación dos reinos e institucións feudais; o que propiciou un ambiente adecuado para o desenvolvemento da agricultura e o crecemento da poboación.

Aumento da produción agraria

Desde o ano 1000 produciuse unha **mellora do clima**, máis cálido e menos húmido, ao que se engadiu a difusión por Europa Occidental dunha serie de innovacións agrarias que permitiron o aumento da superficie cultivada e unha mellor explotación das terras. Este proceso traducíuse no aumento da produción, e da produtividade.


Ampliación da superficie cultivada

Os campesiños aumentaron as terras dedicadas ao cultivo, no que foi o maior proceso de colonización agraria desde o Neolítico e que transformou completamente a

paisaxe, humanizándoa. As roturacións transformaron ermos e bosques en terras aptas para o cultivo e as drenaxes fixeron o propio en zonas pantanosas e marismas. Mesmo se lle gañaron terras ao mar grazas á construción de diques, e mellorouse a condución da auga coa construción de canles. En definitiva, numerosas terras ata entón incultas foron cubertas de cereais (sobre todo trigo), vides, oliveiras, leguminosas, hortalizas, árbores froiteiras e plantas de uso industrial.

Novas técnicas de explotación agraria

Aplicáronse melloras na forma de traballar a terra, como a substitución da rotación bienal (ou de ano e vez) pola rotación trienal. Consistía en alternar o cultivo dun cereal de inverno na primeira parte do ano, un de primavera na segunda e ao final de ano deixábase a terra en barbeito. Deste xeito lográbbase reducir a superficie de terra improdutivo da metade a só un terzo, ademais dunha maior diversificación de cultivos.



Rotación trienal. Combinábanse cereais de inverno, de primavera e leguminosas e obtíñanse dúas colleitas cada tres anos.

Tamén se desenvolveu a **gandería** como complemento da agricultura. O boi foi substituído polo cabalo como animal de tiro grazas á introdución de dous avances tecnolóxicos: a ferradura e a coleira. O auxe da gandería permitiu un aumento do consumo de carne e o xurdimento dunha industria derivada: lácteos, traballo das peles e do coiro, artesanía téxtil da la, etc. Pero ademais, a gandería serviu de complemento

á agricultura, pois o esterco dos animais empregouse como fertilizante da terra, o que aumentaba os seus rendementos.

Na zona mediterránea xurdiron instrumentos que melloraron os **sistemas de regadío**, como a nora ou a acequia.




A coleira mellorou o sistema de tiro animal e permitiu a substitución do boi polo cabalo.

Renovación dos instrumentos agrícolas

Por unha banda, estendeuse o emprego do **ferro** na fabricación de ferramentas (fouces, aixadas, arados, etc.) que facía o traballo con elas máis eficaz, especialmente na roturación de novas terras; o que supuxo a proliferación das minas para extraer este mineral e as forxas ou fornos para a súa modelaxe.

Producíronse ademais significativos **adiantos tecnolóxicos**, como foron os muíños e novos tipos de arado. Os **muíños** empregaban a forza do vento e da auga no proceso de moer o gran para a fabricación de fariña, espremer froitos ou puír metais. Significaron un gran avance, pois a tracción humana e animal foi substituída por unha maquinaria accionada con enerxía hidráulica e eólica, o que permitiu liberar man de obra para outras tarefas.



1. Muíño eólico para moer gran e obter fariña. 2. Muíño hidráulico coa mesma función.

Coa difusión dos muíños apareceu un novo oficio, o muiñeiro, ao que os campesiños pagaban a maquiá a cambio de realizar a moenda.

Apareceu un novo tipo de arado: o arado normando ou de veso. Era máis pesado ca o tradicional arado romano^[2] e contaba con unha folla de ferro en substitución da madeira, co que sucaba e aireaba a terra máis profundamente, aumentando a súa fertilidade. Nestes novos arados empregábase xa o cabalo como animal de tiro.



Os campesiños aran o campo empregando un arado de rodas e o cabalo como animal de tiro. Aínda que era máis caro e menos resistente ca o boi, o cabalo era máis veloz polo que permitía aumentar a terra traballada.

Todos estes adiantos tiveron como consecuencia o incremento da produción, polo que a agricultura comezou a xerar excedentes que se destinaban ao comercio nas cidades (feiras). Deste xeito, aínda que en moitas explotacións predominou a agricultura de subsistencia, progresivamente irase abrindo paso outra de tipo **comercial**.

Para saber máis...

Repasa e amplía os contidos sobre a expansión agraria con este [vídeo](#).

Crecemento demográfico

A poboación europea experimentou un importante incremento durante a Idade Media Plena. Non dispoñemos de fontes demográficas directas, como censos ou padróns, que nos permitan coñecer con exactitude as cifras, polo que os historiadores realizan estimacións. Así, calcúlase que a poboación teríase duplicado en Europa entre o ano 1000 e o 1300. Produciuse ademais unha ocupación máis intensa do territorio: a densidade de poboación en Europa (sen Rusia) pasou, entre os séculos XI e XIII, de 6,4 a 14,5 habitantes/km², máis do dobre.



Sabías que...?

O **Domesday Book** é un rexistro elaborado no ano 1086 por orde do rei de Inglaterra Guillerme I. Constitúe unha das poucas fontes directas para coñecer o número de habitantes no período medieval. Xurdiu tras a conquista normanda de Inglaterra, pola necesidade que o rei tiña de coñecer as propiedades dos habitantes do reino e así poder cobrar os tributos correspondentes.



Dúas páxinas do **Domesday Book**. Neste [endereço](#) pódese consultar o libro integramente.

ESTIMACIÓN DA POBOACIÓN EUROPEA

(en millóns)

	Países ou rexións				
Ano	Europa setentrional	Europa noroccidental	Europa central	Europa meridional	
0	0,5	1,3	9,8	14,0	
1000	1	2,7	11,8	10,3	
1300	1,8	8,6	33,8	20,1	
1400	1,3	4,5	21,9	13,5	
1500	1,5	6,1	33,5	16,5	
1550	2,0	7,7	39,5	20,0	
1600	2,2	8,9	43,5	23,1	
1650	2,5	10,9	38,3	20,5	
1700	2,9	11,9	43,4	24,7	
1750	3,6	14,7	51,2	29,0	
1800	5,0	20,6	62,6	34,3	

1820	6,0	26,7	69,3	37,7
1850	8,0	34,8	85,5	47,1
1870	9,6	39,9	96,0	51,3
1900	12,5	53,2	118,1	62,2
1913	14,1	59,5	130,4	68,9

Europa setentrional: Dinamarca, Suecia, Noruega e Finlandia.

Europa noroccidental: Reino Unido, Holanda, Bélxica.

Europa central: Francia, Alemaña, Suiza, República Checa, Eslovaquia, Austria.

Europa meridional: Portugal, España, Italia, Grecia.

Europa oriental: Polonia, Hungría e Rusia ata os Montes Urais.

FONTE: Datos. McEvedy & Jones (1978); Biraben (1979); De Vries (1994); Mitchell (1998); Pounds (2000); Bar Dûpaquier, (eds.) (2001), I y II; Pérez Moceda (1988) y (2002); Malanima (2000) y (2003)M y Maddison (1991) (2003). Taboa extraída de «La Edad Media (c.1000-c. 1450).» José Antonio Sebastián Amarillo. Páx. 2d.


Na base deste crecemento demográfico estiveron as melloras agrarias, pois a poboación podía dispoñer dunha mellor alimentación. Estendeuse o consumo de leguminosas como a lentella, que mellorou a dieta aportando ferro e aminoácidos.

Pero ademais existiron outros factores que explican o crecemento demográfico:

- A ausencia de epidemias tras a desaparición da peste a finais do século VII.
- A diminución das guerras e a relativa pacificación que puxo fin ao ciclo das segundas invasións, a partir do século X.

Estas novas condicións favoreceron un **incremento da natalidade** e un **descenso da mortalidade catastrófica**, o que se traduciu nun aumento da poboación. Con todo, mantívose un ciclo demográfico antigo, pois a taxa de mortalidade continuou en niveis elevados pola alta mortalidade infantil e xuvenil, e a esperanza de vida seguiu sendo baixa.

Número de persoas



Fonte: *La Edad Media (c. 1000-c. 1450)*, José Antonio Sebastián Amarillo. Páx 2d.

Poboación en Europa entre os anos 1000 e 1550.

O crecemento demográfico foi á vez causa e consecuencia das melloras económicas. Por unha banda, o aumento da poboación non se podería soste sen unha maior cantidade de alimentos e produtos. Pola outra, ese aumento da poboación permitiu dispor de máis man de obra para o traballo no campo e tamén nas manufacturas e o comercio nas incipientes cidades, favorecendo así a expansión económica.

Actividades

1. Le o texto e responde ás cuestións que siguen a continuación.


Rendementos agrarios comparados no Imperio romano e na Idade Media

«No Imperio romano unha hectárea producía 300 quilos de cereal e un campesiño podía traballar, en promedio, tres hectáreas: cada campesiño producía case unha tonelada de gran.


Na Idade Media europea unha hectárea producía 600 quilos de cereal e cada campesiño podía traballar unha media de catro hectáreas: producía dúas toneladas e media de gran.»

Martín Caparrós. *A fame*. 2014.


Compara a evolución dos rendementos por hectárea no Imperio romano e na Idade Media europea. Significan un aumento da produción total ou da produtividade?



2. Compara agora a superficie cultivada por cada campesiño en ambos momentos históricos. Que causas pensas que explican as diferenzas?



3. Elabora unha listaxe coas consecuencias do aumento dos rendementos agrarios.



4. Observa os datos da táboa de poboación nos diferentes territorios de Europa e responde as seguintes cuestións.

ESTIMACIÓNS DA POBOACIÓN EUROPEA

(en millóns)

Ano	Países ou rexións			
	Europa setentrional	Europa noroccidental	Europa central	Europa meridional
0	0,5	1,3	9,8	14,0
1000	1	2,7	11,8	10,3
1300	1,8	8,6	33,8	20,1
1400	1,3	4,5	21,9	13,5
1500	1,5	6,1	33,5	16,5

1550	2,0	7,7	39,5	20,0
1600	2,2	8,9	43,5	23,1
1650	2,5	10,9	38,3	20,5
1700	2,9	11,9	43,4	24,7
1750	3,6	14,7	51,2	29,0
1800	5,0	20,6	62,6	34,3
1820	6,0	26,7	69,3	37,7
1850	8,0	34,8	85,5	47,1
1870	9,6	39,9	96,0	51,3
1900	12,5	53,2	118,1	62,2
1913	14,1	59,5	130,4	68,9

Europa setentrional: Dinamarca, Suecia, Noruega e Finlandia.

Europa noroccidental: Reino Unido, Holanda, Bélxica.

Europa central: Francia, Alemaña, Suiza, República Checa, Eslovaquia, Austria.


Europa meridional: Portugal, España, Italia, Grecia.

Europa oriental: Polonia, Hungría e Rusia ata os Montes Urais.


FONTE: Datos. McEvedy & Jones (1978); Biraben (1979); De Vries (1994); Mitchell (1998); Pounds (2000); Dûpaquier, (eds.) (2001), I y II; Pérez Moceda (1988) y (2002); Malanima (2000) y (2003)M y Maddison (2003). Taboa extraída de «La Edad Media (c.1000-c. 1450).» José Antonio Sebastián Amarillo. Páx. 2d

Describe a evolución xeral da poboación en Europa durante a Idade Media Plena.


- Indica a tendencia xeral.
- Que diferenzas podes observar? Indica as diferenzas entre unhas áreas e outras.



5. Indica as causas que explican a tendencia xeral.



6. Numera os termos segundo corresponda na imaxe.



___ A colleita.

___ O castelo.

___ A cidade.

___ A terra de barbeito.

___ A roturación.

___ A sementeira.

___ A aldea.

7. Relaciona cada novidade coa mellora que permitiu.

A coleira

Mellorou o sistema de tiro do cabalo.

A rotación trienal

Converteron pantanos e marismas en terras cultivables.

Os excedentes

Arado de veso	Substituíron a enerxía humana pola hidráulica e eólica.
Esterco	Mellorou a labranza da terra.
As reiteracións	Empregouse como fertilizante.
Os muíños	Transformaron bosques en zonas de cultivo.
As drenaxes	Reduciu a superficie en barbeito.
	Destináronse ao comercio nas cidades.

8. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. A causa da expansión agraria durante a Idade Media Plena foi a aparición de excedentes.

Verdadeiro

Falso

- b. As roturacións de terras e as novas técnicas de cultivo permitiron aumentar os rendementos agrarios.

Verdadeiro

Falso

- c. A mellor alimentación favoreceu que as taxas de mortalidade fosen moi baixas.

Verdadeiro

Falso

- d. A diminución das guerras e a ausencia de epidemias fixo

diminuír as taxas de mortalidade catastrófica.

Verdadeiro

Falso

e. As innovacións técnicas e os novos instrumentos agrícolas liberaron man de obra do campo para outras actividades.

Verdadeiro

Falso

f. O cabalo foi substituído polo boi, que era un animal máis forte.

Verdadeiro

Falso

g. O aumento dos rendementos agrarios xerou excedentes, que se vendían nas feiras das cidades.

Verdadeiro

Falso

h. O aumento da produtividade no campo foi causada polo crecemento demográfico.

Verdadeiro

Falso

↑[2]
Arado Romano



O renacer das cidades

Para saber máis...

Antes de comezar, visiona este [vídeo](#) sobre a cidade medieval.

Durante a Idade Media Plena experimentouse un proceso de urbanización tan intenso que podemos afirmar que a maioría das cidades da Europa occidental foron edificadas, ou profundamente transformadas, neste período. As cidades medievais foron chamadas **burgos**, e os seus habitantes **burgueses**.



Sabías que...?



Igrexa románica de Santiago do Burgo, unha das parroquias do concello de Culleredo.

A denominación de «burgo», en orixe referida ás primeiras cidades medievais, consérvase a día de hoxe en moitos topónimos como *Hamburgo*, *Estrasburgo*, *Edimburgo*, *Luxemburgo* ou *Burgos*.

O termo procede do latín *burgus* e do alemán *burg*, que significa 'vila', 'cidade', 'castelo', e é unha derivación da raíz *barg* que se podería traducir por 'lugar fortificado, cercado, defendido'.

Remontándonos no tempo, na cultura celta existiu o termo *briga*, da mesma raíz, e que se refire tamén a 'cidade', 'fortaleza' ou a un 'lugar elevado'. Un exemplo é *Brigantium*, que aludía -na antigüidade- á zona da Coruña.

Como ves, os topónimos poden aportar información sobre o pasado e é por iso que os historiadores utilízanos como unha fonte histórica máis.

As **causas** esenciais do renacer das cidades foron o aumento da produción agraria e da poboación rural. As materias primas e os alimentos que chegaban do campo estimularon o auxe urbano, pois as cidades convertéronse en centros aos que acudían os campesiños a vender os excedentes dos seus produtos e a mercar as manufacturas que necesitaban. Ademais, as novas urbes nutríanse precisamente das xentes chegadas do campo e que, grazas ao aumento dos rendementos, puideron dedicarse a actividades non agrarias como a artesanía e o comercio.

Aínda que moitas cidades revitalizáronse a partir de antigos núcleos romanos (en decadencia tras as invasións xermánicas), outras xurdiron a partir da existencia dun mercado ou polo seu emprazamento en lugares estratéxicos, como por exemplo, unha encrucillada de camiños ou xunto a un río ou porto.



Cidade medieval

Non obstante, e a pesar deste renacer urbano, non debemos esquecer que o mundo medieval foi esencialmente rural xa que só o 9,5% da poboación europea chegou a vivir en núcleos de máis de 5000 habitantes.



Novas actividades económicas: artesanía e comercio

«Ao saír da aldea, o burgo -tomando o nome nun sentido amplo, de vila grande a pequena cidade- é o primeiro chanzo no camiño cara á verdadeira cidade. Para a sociedade rural, representa especialmente, por el mesmo, todo o mundo exterior: a administración, a xustiza, o comercio... En efecto, soamente existe o burgo se ao seu redor as vilas ou as aldeas utilizan os seus mercados, as súas feiras, os seus servizos, os seus lugares de reunión... O burgo é esencialmente dominación: reina sobre unha comarca rural que ten necesidade dos seus servizos, pero da que vive, e sen a que el mesmo non existiría.»

Fernand Braudel, *A identidade de Francia*.

Numerosos **artesáns** trasladáronse aos nacentes burgos, onde se especializaron en actividades non agrarias centradas na elaboración dos seus produtos en pequenos obradoiros e na súa venda en **mercados**. As cidades medievais convertéronse en centros de produción e distribución de produtos agrícolas e artesanais.

O desenvolvemento da artesanía viuse favorecido pola capacidade da agricultura para subministrar materias primas e alimentos e polo crecemento demográfico, que estimulou a demanda de manufacturas (vestido, calzado, apeiros de metal ou madeira, etc.).

As novas necesidades favoreceron a aparición de innovacións. Por exemplo, na **metalurxia**, a produción de ferro intensificouse pola crecente demanda campesiña de ferramentas ou de armas para a nobreza, o que deu lugar a innovacións como os altos fornos. Pero a principal actividade artesanal en Europa foi o **téxtil**, centrado na elaboración de tecidos de la (Flandres) e que tamén rexistrou adiantos como o tear horizontal que substituíu ao vertical por ser máis eficiente.



Tear de dous pedais de mediados do século XIII.



Mapa das principais zonas téxtiles de Europa na Idade Media.

Os artesáns de cada cidade organizábanse en gremios para a defensa dos seus intereses e a protección dos seus membros. Os gremios agrupaban artesáns dun mesmo oficio para **controlar a produción** e a calidade das manufacturas a través dun sistema de ríxidas normas nas que establecían as horas de traballo, os materiais que se debían empregar, e mesmo o seu prezo. Deste xeito evitábase a competencia e garantíase a boa práctica do oficio. Ningún artesán podía desenvolver a súa actividade na cidade sen a autorización do gremio correspondente.

Os gremios cumprían tamén **funcións asistenciais** e de protección. Os seus membros realizaban aportacións económicas que se destinaban a axudar aos enfermos, viúvas e orfos.



Sabías que...?



A estrela de 6 puntas. O símbolo do gremio dos cervexeiros.

Como a maioría da poboación era analfabeta, os gremios empregaban símbolos^[3] para que a xente identificase os seus produtos. O símbolo do gremio dos artesáns cervexeiros era unha estrela de seis puntas que representaba os seis elementos fundamentais na súa elaboración: auga, lúpulo, grao, malte, lévedo e o propio mestre. Os viaxeiros sabían que naqueles establecementos onde aparecía colgada a estrela, habería boa cervexa. Tamén é a razón pola que actualmente moitas marcas incorporan esa figura nos seus logotipos.

Descubre máis sobre a fabricación e o consumo de cervexa durante a Idade Media [nesta páxina](#).

A escala laboral nos gremios

Os gremios foron corporacións fortemente xerarquizadas que se estruturaban en tres niveis: aprendices, oficiais e mestres.

OS APRENDICES

Comezaban á idade de 8 ou 10 anos asinando un «contrato de aprendizaxe» cun mestre que se comprometía a ensinarlles. Estes contratos tiñan unha duración de 6 ou máis anos, e neles o aprendiz comprometíase a asistir todos os días ao obradoiro e obedecer ao mestre. Este, a cambio, debía dar aloxamento e manter e ensinarlle o oficio ao seu discípulo, con quen convivía todo o día.


OS OFICIAIS

Unha vez o aprendiz alcanza certa madurez e destreza no oficio, e tras superar un exame, convertíase en oficial. Continuaba vivindo e traballando co seu mestre xa que tiña estritamente prohibido establecerse pola súa conta, pero a diferenza dos aprendices, os oficiais recibían un soldo polo traballo realizado.

Tras aproximadamente 4 anos podían realizar unha proba para acceder ao grao de mestre, algo nada fácil debido ás frecuentes discriminacións a favor dos fillos de quen xa pertencían aos gremios.

OS MESTRES

Era o nivel máis elevado dentro da xerarquía gremial, ao que se accedía tras a realización dun exame e unha proba práctica (obra mestra). Gozaban da plenitude dos dereitos: podían abrir o seu propio obradoiro e dirixilo, ter traballadores contratados e participar no goberno do gremio.



Deseño da casa-obraoiro dun artesán.

Sociedade e goberno das cidades: xurdimento da burguesía

O impulso das cidades e das novas actividades asociadas a elas (artesanía e comercio)

transformaron a sociedade feudal. Os poboadores dos burgos foron reclamando cada vez unha maior liberdade dos señores feudais. Formouse así un novo grupo social, a burguesía, que se define polas seguintes características:

- A base da súa riqueza era o **diñeiro** que recibían pola venda dos seus produtos (artesáns) ou do comercio (mercadores).
- Non estaban sometidos á autoridade de ningún señor feudal, tiñan **liberdade**.
- A diferenza da nobreza e o clero, **non gozaban de privilexios**. Pertencían ao terceiro estamento, aínda que non eran campesiños.

Co auxe das cidades xurdiu a necesidade de establecer unha forma de administración destes espazos. Ao principio, as cidades gobernábanse mediante asembleas de cidadáns (**comunais**). Estas comunidades de veciños loitaron por se libraren da autoridade dos señores, que conseguiron grazas ás cartas comunais ou cartas forais.

Progresivamente, os cidadáns comezaron a delegar o goberno nun **consello**, formado por representantes elixidos por eles (**maxistrados**) e que recibiron diferentes denominacións como burgomestre ou alcalde. O edificio onde se reunían para gobernar a cidade era a **casa do concello**.

A partir do século XIII, unha minoría formada polos comerciantes e banqueiros máis ricos (**patriciado urbano**) comezou a acaparar os postos de goberno das cidades. En consecuencia, o poder nas cidades recaeu nunha oligarquía formada polas familias máis poderosas de burgueses e liñaxes nobiliarias.



Signoria de Florencia. A potente burguesía artesanal e comercial desta cidade italiana ennobreceuse, converténdose no patriciado urbano que acaparou o poder nos burgos.

A cidade medieval


A cidade era un recinto **amurallado** que se ía ampliando segundo ía medrando. Ao non planificar o seu crecemento presentaba un trazado irregular.

A maioría das **rúas** eran estreitas e sen empedrar, e adoecían dunha grave falta de hixiene. Ao non existir rede de sumidoiros, os refugallos das casas e outros restos eran o caldo de cultivo axeitado para enfermidades infecciosas como a cólera, o tifo ou a peste.

Unha **praza** adoitaba ocupar o lugar central e arredor dela levantábanse os edificios máis importantes: a **catedral**, o **concello** e o **mercado**. Desde aí distribuíanse os **barrios**, que agrupaban á poboación en función do gremio (curtidores, ferreiros, xastres...) ou da súa procedencia relixiosa (xudaría, mouraría).

A poboación ocupaba o espazo urbano en función do grupo social ao que pertencía:

- **Nobreza e alta burguesía (patriciado urbano):** grandes comerciantes, banqueiros e aristócratas mostraron o seu poder a través de ostentosos palacios urbanos.
- **Baixa burguesía:** mestres, artesáns e pequenos comerciantes vivían en casas modestas pero apenas pasaban necesidades.
- **Clases populares:** os habitantes máis humildes eran os oficiais e aprendices dos gremios, os criados e os mendigos que non tiñan traballo, que ocupaban os arrabaldes dos burgos.
- **Minorías relixiosas:** xudeus e musulmáns ocupaban barrios separados.



Cidade medieval

Cultura urbana: a Universidade medieval

O contexto xeral de impulso económico veu acompañado dun renacemento no eido cultural, que tivo como escenario as cidades. Ata entón, o acceso á cultura estaba restrinxido fundamentalmente ao clero (mosteiros), funcionarios reais e algúns ricos mercadores. Pero a partir do século XI asistimos a un proceso de renovación de moitas antigas **escolas episcopais**, que acollen a cada vez máis estudantes e renovan os métodos de estudo. Ademais, xurdiron nas principais cidades **escolas municipais** que dependían directamente das autoridades urbanas, quedando libres polo tanto do control da Igrexa. A elas acudían os burgueses, interesados en adquirir a formación necesaria para as súas actividades.

Xa a comezos do século XIII, estas escolas episcopais e municipais evolucionaron ata xurdir as primeiras **universidades**. Consistían en asociacións de estudantes e mestres unidos polo desexo de aprender e acceder á cultura e, a diferenza das anteriores escolas, estaban fóra do control das autoridades relixiosas ou municipais. Podémolo ver no exemplo da cidade de París, onde existía unha escola catedralicia dependente do bispo que irá gañando progresivamente autonomía fronte á autoridade eclesiástica e municipal. Outras universidades importantes foron as de Bolonia, Oxford ou Salamanca.




Universidade de Salamanca.



Grupo de estudantes na aula.

Actividades

1. Observa a imaxe e sinala as afirmacións correctas.



- a. Representase unha actividade artesanal (t xtil) desenvolvida na cidade.

Verdadeiro

Falso

-
- b. Empregan materias primas procedentes dos excedentes do campo.

Verdadeiro

Falso

-
- c. Estes traballadores depend an dun se or feudal.

Verdadeiro

Falso

d. Os traballadores estaban asociados ao gremio dos xastres.

Verdadeiro

Falso

e. A representación sitúase nunha feira.

Verdadeiro

Falso

2. Identifica cales das seguintes afirmacións son verdadeiras e cales falsas:

a. As cidades (mundo urbano) e as aldeas (mundo rural) foron dúas realidades illadas.

Verdadeiro

Falso

b. A maioría da poboación no século XIII xa vivía en grandes cidades.

Verdadeiro

Falso

c. As cidades eran territorios libres da autoridade dos señores

feudais.

Verdadeiro

Falso

- d. Os burgueses, enriquecidos polo comercio, gozaban de privilexios ao igual que o clero e a nobreza.

Verdadeiro

Falso

- e. As grandes feiras eran eventos internacionais aos que acudían mercadores de distintos países.

Verdadeiro

Falso

- f. Os artesáns competían entre eles, procurando mellorar a calidade e baixar o prezo dos produtos para incrementar as vendas.

Verdadeiro

Falso

- g. A expansión económica veu acompañada dun impulso cultural que se traduciu na fundación das primeiras Universidades no século XIII.

Verdadeiro

Falso

-
- h. Os postos de poder nos concellos foron acaparados por unha minoría que denominamos patriciado urbano.

Verdadeiro

Falso

3. Como favoreceu o mundo rural o renacer das cidades? Que transformacións sociais se produciron nos nacentes burgos?


4. Analiza os gremios medievais a través das seguintes cuestións.

Que mecanismos empregaron para evitar a competencia? Por que así defendían os seus intereses?

5. Le as noticias. Con que significado se emprega a palabra gremio?

- [Noticia 1 \(Brasil\).](#)


- [Noticia 2 \(Arxentina\).](#)



6. Explica a relación entre os gremios medievais e a acepción actual axudándote do seguinte texto.

«A cidade medieval organizábase como unha federación de gremios. Os gremios satisfacían as necesidades sociais sobre a base da cooperación. Foron asociacións para o apoio mutuo en todas as circunstancias e en todos os accidentes da vida, polo que introducían un elemento humano, fraternal. Unha institución tan ben adaptada para servir á necesidade da unión non podía morrer, e por iso maniféstase durante o século XIX, nas unións obreiras, que prolongan o espírito de gremios no contexto da loita obreira contra a explotación capitalista.»

P. Kropotkin, *O apoio mutuo*. 1902. [ADAPTACIÓN]



7. Le os textos. Que semellanzas e diferenzas existían entre as universidades e os gremios?

«O concepto de universidade (*Universitas*) facía referencia á asociación de mestres e estudantes en defensa dos seus intereses.

Neste sentido [...] as universidades xorden como unha sorte de agrupación gremial en defensa dos dereitos dos seus integrantes.»

Ladero Quesada e López Pita. *Introducción a la historia del occidente medieval*.

«As Universidades eran un gremio máis, e os seus membros artesáns da palabra.»

J. Le Goff. *Os intelectuais na Idade Media*. 1990.

8. Amplía. Moitos topónimos das nosas vilas e cidades son de orixe medieval.

Aquí tes algúns dos máis comúns en Galicia, emparella cada un co seu significado. Identificas algún deles na túa contorna?

- a. A picota, onde se amarraba aos reos para escarnio público.
- b. Unha costa que saía cara a praza maior e estaba sempre enlamada.
- c. Era un imposto que gravaba o tránsito de persoas e mercadorías, equivalente ás actuais peaxes (en portugués: *portagem*).
- d. Reflicte a introdución deste metal na elaboración de ferramentas e armas.
- e. Lugar de encontro semanal para o intercambio de bens agrícolas

por manufacturas.


f. En referencia aos cóengos, membros do clero dunha catedral ou colexiata.

g. Polos artesáns que traballaban este mineral de cor negra intensa.

h. Onde se situaba o gremio adicado á elaboración destes recipientes.

↑ [3]

Símbolos dos gremios



Simbología para identificar aos gremios

Reactivación dos circuitos comerciais: do Atlántico á China

No período altomedieval o comercio virase interrompido tras a crise e caída do Imperio romano (ruralización, guerras, economía agraria de subsistencia). Porén, desde os séculos XI e XII, asistiremos a unha reactivación dos circuitos comerciais favorecida polos seguintes **factores**:

- A diminución dos conflitos bélicos e a relativa pacificación ofreceu un marco máis seguro para a actividade dos mercadores.
- Os progresos técnicos nos medios de transporte fluviais e marítimos permitiron abrir novas rutas para o comercio.
- A expansión agraria xerou os excedentes que se destinarían ao comercio.
- A maior demanda de produtos de consumo nas cidades serviu de estímulo á actividade comercial.



Sabías que...?

O impulso do comercio medieval foi posible grazas ao invento de novos instrumentos que facilitaron a navegación marítima, como o compás ou o astrolabio.

Al-Ándalus, a zona da península Ibérica baixo dominio musulmán, foi a civilización máis avanzada do occidente europeo e por iso foi o berce de moitas destas [innovacións](#) tecnolóxicas.



Astrolabio de Al-Sahli. Al-Ándalus (1067).

Do comercio local ás grandes rutas

Comercio terrestre

A maioría dos intercambios realizábanse a poucos quilómetros dos lugares de produción, nun **ámbito local e comarcal**. Os **mercadores** eran ambulantes, estaban obrigados a desprazarse continuamente dun lugar a outro (por iso se lles chamaba «pés poeirentos») e empregaron para iso fundamentalmente vías terrestres.

Os **camiños**, dotados agora dunha maior seguridade, canalizaron a circulación de persoas e mercadorías. Moitos non eran máis que sendeiros mal acondicionados que os mercadores debían camiñar coa axuda dalgunha mula ou ocasionalmente carros. Ademais, estaban sometidos ao pagamento de impostos aos señores por atravesar os

seus dominios ou por empregar infraestruturas como as pontes.

Os centros de intercambio foron as **ciudades**, que poñían en contacto a produtores, mercadores e consumidores.

Este tipo de comercio organizouse en torno a:

- **A tenda diaria:** era un establecemento fixo e permanente. Tardou en consolidarse e só o fixo nas urbes máis poboadas e dinámicas.
- **O mercado semanal:** gozaba de protección xurídica e centrábase no intercambio polo miúdo de produtos agrícolas por manufacturas como calzado, vestido, apeiros de labranza, etc. Ou por produtos de primeira necesidade chegados de fóra como o sal ou o peixe.



Carro coas rodas reforzadas con cravos de ferro nunha miniatura dun códice. No transporte terrestre apenas se produciron innovacións.

A intensificación do comercio deu lugar a partir dos séculos XII e XIII á aparición das **feiras internacionais**. Eran grandes mercados que se organizaban con unha periodicidade anual, aos que acudían comerciantes profesionais chegados de todos os lugares de Europa. Os intercambios alcanzaban nas feiras un maior volume, polo que estas se dedicaban ao comercio por xunto. Non eran mercados permanentes, senón que se realizaban durante algunhas semanas do ano que adoitaban coincidir con algunha celebración relixiosa (Pascua, Corpus, San Martiño...).

Entre as feiras máis importantes estaban as **feiras da Champaña**, que se celebraban seis veces ao ano alternativamente nas catro principais cidades desta rexión francesa: Lagny, Bar, Troyes e Provins. O seu auge debeuse á protección da que gozaron polos poderes, e á súa situación estratéxica no punto de encontro de diferentes rutas comerciais entre Flandres e o norte de Italia.

Cada feira estaba perfectamente organizada: primeiro montábanse os postos dos mercadores e logo procedíase sucesivamente co comercio de panos, coiro e outros artigos. Concluía cun tempo dedicado a que os comerciantes fixeran o balance da súa actividade.




Feira medieval.

As grandes rutas marítimas

A grande novidade do comercio na Plena Idade Media foi a súa **internacionalización**. Para os intercambios que abranguían longas distancias o medio de transporte preferido foron os mares, xa que permitían transportar un maior volume de mercadorías en menos tempo, aínda co risco de ataques piratas. As melloras nos sistemas de orientación (compás, astrolabio) favoreceron a navegación marítima de longa distancia. Dúas foron as rutas principais:

- **Mediterráneo:** as cidades do norte de Italia (Xénova e Venecia) actuaron como centros de redistribución das mercadorías chegadas do Oriente Próximo, do mundo islámico e de Bizancio ao resto de Europa. Importaban produtos de

luxo (seda, especias, algodón, colorante) e exportaban tecidos (panos italianos), armas e ferramentas, ou produtos mediterráneos como o aceite e o viño.



Principais rutas comerciais no Mediterráneo.

- **Atlántico e Báltico:** os principais centros de redistribución foron as cidades flamengas (Bruxas, Gante), favorecidas pola súa situación estratéxica e polo impulso demográfico, urbano e artesanal que experimentaran. Aos portos de Flandres chegaban unha gran variedade de produtos como, por exemplo, madeira e peles de Rusia, cereais polacos, e cobre e peixe salgado de Escandinavia; así mesmo, exportábanse panos flamengos, e sal e viño franceses.



Principais rotas comerciais no Báltico.

Para saber máis

O oficio de mercador.

«Instrucións dadas polo pai ao seu fillo, redactado por un mercador da Noruega do século XIII.

O home que se propón converterse en mercador expón a súa vida a moitos perigos, xa sexa no mar, xa sexa en terras pagás e entre pobos estranxeiros. Debe por iso aterse constantemente á prudencia alí onde se atope. No mar é necesario saber tomar decisións rápidas e estar dotado de gran valor. Cando en cambio chegas a unha localidade comercial ou a outro lugar calquera, debes mostrarte educado e ir con coidado para conquistar a simpatía xeral.»

- A [Ruta da Seda](#), Patrimonio da Humanidade.
- [Viaxar na Idade Media](#).

Corporacións comerciais (Hansa) e xurdimento da banca

O crecemento da actividade mercantil esixiu unha renovación dos medios de pagamento e dunha economía que ata entón estivera caracterizada polo troco e os pequenos intercambios. Coa intensificación do comercio xurdiu a necesidade de aumentar a **acuñación de moeda** de ouro e prata, que neste tempo se estendeu como instrumento para realizar os intercambios, pero tamén para o pagamento do traballo dos artesáns ou de parte das rendas dos campesiños aos señores.

Pero nas feiras encontrábanse mercadores de diversas procedencias que empregaban diferentes moedas, polo que xurdiron os **cambistas**. Así mesmo, o crecente volume dos negocios estimulou a aparición de novos instrumentos de pagamento como os **préstamos a interese** ou as letras de cambio, que permitían evitar os riscos derivados



Sabías que...?

«Na Idade Media, existían segundo os lugares, no mesmo país, moedas moi diferentes e por esta razón unha das actividades destas feiras consistía en facilitar o cambio, con persoas especializadas e moi hábiles neste comercio de diñeiros. Agora ben, a fins deste período, algúns destes cambistas de moeda, máis afortunados ou máis pícaros ca outros, convertéronse en... banqueiros! E por que se lles chamou así? Porque facían os seus tratos encima de bancos! Polo menos ao comezo, porque, desde logo, axiña construíron edificios, os que serían os futuros bancos.»

[Le Goff, J.](#) *La Edad Media explicada a los jóvenes*. Paidós, 2007



Os banqueiros nunha casa de contas italiana, século XIV.

Xunto a estes novos instrumentos financeiros, formáronse asociacións de comerciantes para protexer os seus intereses e conseguir facilidades e privilexios para a súa actividade: exención de impostos, liberdade de movementos, protección,... Así xurdiu no século XII a Hansa, que agrupaba gremios de comerciantes flamengos e alemáns e tiña a súa sede na cidade de Lubeck, á beira do mar Báltico.

Actividades

1. Na Idade Media Plena desenvolveuse un comercio de curta distancia (local e comarcal) e outro internacional que empregaba grandes rutas para realizar os intercambios. Coloca os seguintes termos na columna que corresponda.

- a. Comercio por xunto.
- b. Mercado semanal.
- c. Produtos agrícolas e manufacturas de primeira necesidade.
- d. Comercio polo miúdo.
- e. Tráfico marítimo.
- f. Grandes feiras internacionais.
- g. Produtos de luxo, exóticos.
- h. Camiños mal pavimentados.

2. Completa o texto coas palabras que se indican a continuación.

Atlántico ● cambista ● cidades ● excedentes ● mercador

Mediterráneo ● Hansa


A reactivación comercial da Plena Idade Media foi posible grazas á expansión agraria, que xerou os ____ necesarios, e ao renacer urbano, pois as ____ foron os centros de distribución dos produtos.

Ademais do comercio local, desenvolvéronse grandes rutas: no ____ o


núcleo máis importante foi Flandres e no _____ as cidades do Norte de Italia. Co auxe comercial xurdiron novos oficios como o de _____, persoa dedicada profesionalmente ao comercio, ou o de _____, xa que existían diferentes moedas en circulación. Tamén se formaron agrupacións de comerciais como a _____.

3. Repasa os diferentes contidos traballados na unidade e responde as seguintes preguntas.


Que grupos sociais habitaban as cidades medievais galegas?




4. Que relacións establecían os habitantes das aldeas coas cidades?




5. Que tipo de comercio se desenvolve na feira?



6. Que importancia tiñan as portas e as murallas das cidades medievais?



7. Cales son as construcións e espazos máis característicos dunha cidade medieval?




8. Describe a imaxe e establece a relación entre a reactivación do comercio, a expansión agraria e o impulso das cidades.



Fresco. O impulso das cidades: o comercio.




9. Que dificultades atopaban os comerciantes para realizar a súa actividade? Que medidas tomaron para a defensa dos seus intereses?



10. Explica a relación que existe entre o comercio e a distribución nas principais cidades medievais europeas.



As principais cidades europeas



O fortalecemento do poder real: monarquías feudais

Nun contexto de tranquilidade en Europa tras a fin das invasións, e de avances económicos e culturais, os monarcas lograron impoñer a súa autoridade sobre o territorio e a poboación. Logo do período altomedieval, caracterizado pola extrema fragmentación do poder político, a partir dos séculos XI e XII formáronse unidades máis grandes, estables e centralizadas: as monarquías feudais. Este proceso de fortalecemento do poder real terá continuidade nos séculos posteriores.



Principais estados e reinos europeus a comezos do século XI



Principais estados e reinos europeos no século XIV.

Afirmación do poder real fronte á nobreza

A progresiva concentración do poder a mans dos monarcas realizouse a custa dos señores feudais. No século X o poder dos reis aínda era feble: non dispoñían apenas de recursos económicos para manter un exército ou administrar o reino, e a base do seu poder residía na entrega de feudos á nobreza, nos que esta gobernaba de xeito case autónomo.

A partir do século XII os reis intentarían impoñer a súa autoridade sobre os señores, empregando o sistema de relacións feudais no seu beneficio. Para iso, apoiáranse, fundamentalmente, nas cidades e na burguesía: os

monarcas concedían «Cartas de privilexio» ou «Cartas forais» ás cidades, nas que se lles liberaba da autoridade dos señores feudais e se lles concedía o dereito de elixir o seu propio goberno, ademais de privilexios para desenvolver as súas actividades artesanais e comerciais.

A cambio, os monarcas obtiveron:

1. Apoio político dos habitantes das cidades, orgullosos da súa liberdade fronte aos poderes feudais.
2. Recursos económicos para afrontar os gastos da loita contra os nobres.

O auxe económico e comercial permitiu aos monarcas recadar unha gran cantidade de diñeiro a través de impostos que gravaban á circulación de mercadorías. Isto permitiu aos reis dotarse dun exército e un aparello burocrático que afianzaron a súa autoridade sobre o territorio e a poboación.

Para saber máis...

FORO DO BURGO CORUÑA (1208)

«Deixo claramente establecido por esta carta que eu, Alfonso, pola graza de Deus rei de León, dou por termo ao concello de Curunia [sic] un territorio de dúas leguas de contorno por todas partes. Concedo ao mesmo concello pastos e auga e leña e madeira en todo o meu reino. [...]. E mando que non reciba na súa vila por veciños homes de armas nin monxes, agás os monxes de Sobrado [...]. E todo aquel que fixera algunha cousa prexudicial ou contraria ao concello, xa fora home de armas ou non, incorrerá na miña ira.»

Barreiro Fernández. *Historia de la ciudad de La Coruña*, 1986.



Hugo Capeto, fundador da dinastía Capeto en Francia a fins do século X. Asociou o seu fillo ao trono, o que lle permitiría afianzar o sistema monárquico.

O crecente poder dos monarcas reflectiuse en **símbolos** que facían visible a súa autoridade:

- O **trono** desde o que preside as cerimonia públicas, elevado e distante. Só o rei pode sentar nel, e identifícao como soberano (por iso se empregan os termos «entronizar» e «destronar» para referirse ao seu acceso ou perda da condición de rei).

- A **coroa**, símbolo característico da monarquía ata o punto de que designa á propia institución, a *Coroa*. Así, «coroación» era a cerimonia pola que os soberanos inauguraban o seu mandato. Interpretábase como un sinal da súa elección por Deus, xa que, daquela considerábase que o poder real tiña orixe divina.
- O **cetro**, era unha especie de bastón de mando, símbolo da súa autoridade. A palabra provén do grego *skeptron* 'bastón que empregaban os vellos para camiñar', polo que suxire unha relación entre ancianidade e poder.



Castelo de Caernarfon mandado construír polo rei Eduardo I de Inglaterra ao norte do país de Gales, territorio que acababa de someter e incorporar ao seu reino. Os castelos erixíanse como bastións que simbolizaban o crecente poder monárquico. [Neste vídeo](#) coñecerás as partes dun castelo medieval.

Cortes e Parlamentos

Os monarcas gobernaban coa axuda dunha **Curia rexia**, un reducido colectivo de membros da nobreza e do clero que o acompañaban nos seus desprazamentos e actuaban como o seu consello persoal.

Pero, a partir dos séculos XII e XIII, representantes da burguesía lograron incorporarse progresivamente a estas asembleas, que pasaron a denominarse **Estados Xerais** en Francia, **Dietas** en Alemaña, **Parlamento** en Inglaterra e **Cortes** en España.

Na Idade Media existía a idea de que os monarcas non podían esixir **tributos** sen o consentimento dos seus súbditos, polo que a presenza de burgueses nestas novas institucións respondía a que o rei necesitaba contar coa súa autorización para impoñer subsidios (diñeiro). A cambio, os grupos urbanos demandaban do rei maiores liberdades e privilexios.



Eduardo I de Inglaterra presidindo unha reunión do Parlamento en 1295.

A CARTA MAGNA, ORIXE DAS LIBERDADES CONSTITUCIONAIS


A Carta Magna foi un documento no que o monarca inglés Xoán «sen terra» outorgou aos nobres en 1215, logo de que estes protagonizaran unha revolta contra os abusos reais e o seu goberno arbitrario. En efecto, os fracasos militares de Xoán I e a necesidade crecente de diñeiro, levárano a esixir á nobreza elevadas contribucións económicas («auxilium») e a abusar dos seus privilexios.

Tras a revolta o rei viuse obrigado a respectar os privilexios tradicionais da nobreza e a Igrexa, e a súa autonomía. Ademais, o documento establece a liberdade das cidades e facilidades á actividade comercial.

A Carta Magna é un texto fundamental porque nel aparece por primeira vez a idea de que o

poder do rei debe ser limitado, polo que é considerado a base das liberdades constitucionais en Inglaterra e dos dereitos humanos. Actualmente, o termo *Carta Magna* aplícase como sinónimo de Constitución.

- **Cláusula 13.** A cidade de Londres gozará de todas as súas liberdades. Así mesmo, queremos e outorgamos que as demais cidades, burgos, poboacións e portos gocen de todas as súas liberdades.
- **Cláusula 14.** Para obter o consentimento xeral ao establecemento dun «auxilio» convocaremos por carta aos arcebispos, bispos, abades, duques e baróns principais.
- **Cláusula 39.** Ningún home libre poderá ser detido ou encarcerado ou privado dos seus dereitos ou dos seus bens, nin posto fóra da lei nin desterrado, nin usaremos a forza contra el nin enviaremos a outros que o fagan, senón en virtude de sentenza xudicial dos seus iguais e con arranxo á lei do reino.
- **Cláusula 41.** Todos os mercadores poderán entrar en Inglaterra e saír dela sen sufrir dano e sen temor, e poderán permanecer no reino e viaxar dentro del, por vía terrestre ou acuática, para o exercicio do comercio, e libres do pagamento de todo imposto inxusto.



Fragmento da Carta Magna.

Londres, 15 de xuño de 1215.


Actividades

1. Le o texto do foro do burgo da Coruña e responde as cuestións:


«Deixo claramente establecido por esta carta que eu, Alfonso, pola graza de Deus rei de León, dou por termo ao concello de Curunia [sic] un territorio de dúas leguas de contorno por todas partes. Concedo ao mesmo concello pastos e auga e leña e madeira en todo o meu reino. [...]. E mando que non reciba na súa vila por veciños homes de armas nin monxes, agás os monxes de Sobrado [...]. E todo aquel que fixera algunha cousa prexudicial ou contraria ao concello, xa fora home de armas ou non, incorrerá na miña ira.»

Barreiro Fernández. *Historia de la ciudad de La Coruña*, 1986.


Quen redacta o documento? Como xustifica o seu poder?



2. Que se establece no texto?



3. Que gañaba o monarca coa concesión do foro? E os habitantes da cidade?




4. Le o texto do bispo e intelectual inglés Xoán de Salisbury (século XII). Identifica os grupos sociais aos que alude e a función que cada un debe desempeñar na sociedade.

«O príncipe ocupa na comunidade política o lugar da cabeza e áchase suxeito soamente a Deus e a quen en nome del fan as súas veces na terra, como no corpo humano a mesma cabeza ten vida e é gobernada pola alma.

O Senado ocupa o lugar do corazón, xa que del proceden os comezos dos actos bos e malos. Os xuíces e os gobernadores das provincias reclaman para si a misión dos ollos, os oídos e a lingua. Os oficiais e soldados se corresponden coas mans. Os que asisten ao príncipe de modo estable, aseméllanse aos costados. Os recadores e mordomos poden ser comparados ao ventre e os intestinos. Se estes se conxestionan por unha desmesurada avidez e reteñen con excesivo empeño o que acumularon, procrean innumerables enfermidades sen cura posible, ata o punto de que esta doenza pode conlevar á destrución de todo o corpo.

Os agricultores parécense aos pés, que se atopan continuamente pegados ao solo. Para eles é especialmente necesaria a atención da cabeza, xa que tropezan con moitas dificultades mentres pisan a terra co traballo do seu corpo, e merecen ser protexidos con tanta ou máis xusta protección canto que manteñen de pé, sosteñen e fan moverse a todo o corpo. Deixa sen esas pezas dos pés a calquera corpo, por robusto que sexa, e non poderá camiñar polas súas propias forzas...»

Policraticus, Libro V, cap. 2.



5. Le as cláusulas da Carta Magna e explica o seu contido.

Que importancia tivo este documento na historia?

- **Cláusula 13.** A cidade de Londres gozará de todas as súas liberdades. Así mesmo, queremos e outorgamos que as demais cidades, burgos, poboacións e portos gocen de todas as súas liberdades.
- **Cláusula 14.** Para obter o consentimento xeral ao establecemento dun «auxilio» convocaremos por carta aos arcebispos, bispos, abades, duques e baróns principais.
- **Cláusula 39.** Ningún home libre poderá ser detido ou encarcerado ou privado dos seus dereitos ou dos seus bens, nin posto fóra da lei nin desterrado, nin usaremos a forza contra el nin enviaremos a outros que o fagan, senón en virtude de sentenza xudicial dos seus iguais e con arranxo á lei do reino.
- **Cláusula 41.** Todos os mercadores poderán entrar en Inglaterra e saír dela sen sufrir dano e sen temor, e poderán permanecer no reino e viaxar dentro del, por vía terrestre ou acuática, para o exercicio do comercio, e libres do pagamento de todo imposto inxusto.

Londres, 15 de xuño de 1215

6. Que garantías ofrece cada uns dos artigos do texto aos cidadáns?

7. Completa o seguinte cadro sobre os cambios no poder político entre a Alta e a Plena Idade Media, colocando cada elemento na columna que corresponda.

a. Fortalecemento do poder real a custa da nobreza.

b. O rei apoiase na entrega de feudos.

c. Os monarcas cobran impostos do comercio nas cidades.

d. Consello ou Corte: clero e nobreza.

e. Parlamentos: presenza da burguesía.

- f. Monarquía sen apenas recursos económicos.
- g. O rei apoiase nas cidades e na burguesía.
- h. Poder dos señores feudais.

8. Emparella os termos da primeira columna coa explicación que corresponda.

Cartas forais	Apoian ao monarca a cambio de autonomía e liberdade dos señores feudais.
Burgueses	Son símbolos exteriores do crecente poder real.
Impostos	Convocábaos o monarca para conseguir a aprobación de novos tributos.
Cortes ou Parlamentos	Outorgadas polos reis, concedían privilexios á actividade comercial nas cidades.
Trono, coroa, cetro	Cobrábaos o monarca para sufragar os gastos do exército e da burocracia.

Expansión da Cristiandade occidental: as cruzadas

No período altomedieval a Igrexa integrouse no sistema feudal, polo que era frecuente a intervención dos poderes laicos na esfera eclesiástica: os grandes señores controlaban o nomeamento dos cargos da Igrexa e os emperadores intentaban dominar o papado (cesaropapismo).


Por iso a Igrexa comezou, a partir do século XI, un movemento de renovación interna, encabezado polo papa León IX (1049-1054), que se deu en chamar **Reforma Gregoriana**. Os obxectivos que perseguía eran os seguintes:

- Afirmar a autoridade do papa e a súa superioridade fronte aos poderes temporais (Emperador). Por exemplo, o papa podía excomungar a un monarca se este era considerado indigno.
- Mellorar a formación do clero e depurar certos hábitos nos seus membros, buscando unha vida exemplar.
- Reorganizar internamente a institución: delimitar dioceses e parroquias, xeneralizar o cobro do décimo, estender as peregrinacións e o culto ás reliquias, etc.

As ordes monásticas

Un dos aspectos clave neste proceso de renovación foron as ordes monásticas, que atinxen na Plena Idade Media o seu maior poder. As innovacións agrícolas permítenlles multiplicar os rendementos das súas terras. Ao tempo, o aumento da demanda urbana e a expansión dos mercados ofrécelles a posibilidade de vender os seus excedentes.

A orde dos **cluniacenses** –unha reforma dos beneditinos– será a máis poderosa. Douscentos mosteiros e dez mil monxes de toda Europa pertencían á orde a finais do século XI. En Cluny, na Borgoña, construírán un mosteiro xigantesco para a súa sede.



Mosteiro de Cluny

Porén, o luxo co que vivían os monxes cluniacenses e a súa vida licenciosa desatará a ira doutros eclesiásticos. A orde cisterciense farase famosa ao longo do século XII pola súa vida austera e acabará desprazando aos cluniacenses.

No século XIII xurdirán as **ordes mendicantes**. Os máis coñecidos son os franciscanos e os dominicos. Os frades destas ordes xa non viven no campo, senón que edifican os seus conventos nos arrabaldes das cidades. Gañan a vida como profesores, predicadores ou atendendo aos enfermos e necesitados.



Ruínas da igrexa do mosteiro de Santo Domingo de Pontevedra (século XIV).



Sabías que...?

Os monxes das ordes militares compatibilizaban o exercicio da guerra co sacerdocio. Estes monxes dirixirán enormes exércitos nas cruzadas ou na loita contra os musulmáns de al-Ándalus.

A máis famosa destas ordes son os **templarios**. Grazas aos botíns de guerra e ás doazóns da nobreza, os templarios chegaron a constituír un poder alternativo aos monarcas e o Papa. A inicios do século XIV o rei de Francia fixo prender aos superiores do Temple.

Baixo torturas recoñeceron delitos de sodomía e herexía, polo que arderían na fogueira. Algúns cabaleiros do Temple refuxiáronse en Portugal, onde continuaron baixo o nome de «Orde de Cristo».



Filipe IV de Francia ordena a morte na fogueira dos templarios, segundo unha miniatura medieval.

As cruzadas á Terra Santa

— Na Idade Media, todos os países de Europa eran cristiáns, e o xefe dos cristiáns era o papa, que residía en Roma. A xente, tiña xa conciencia desta unidade?

— Aproximadamente a partir do século XI, os cristiáns organizaron, en común, expedicións contra os musulmáns en Palestina para reconquistar os «Santos Lugares», onde Cristo morrera e resucitara. Foron as cruzadas, que tiveron lugar entre 1095 e 1291, data da caída do último bastión cristián en Palestina, San Xoán de Acre. Os homes e as mulleres da Idade Media tiveron entón o sentimento de pertencer a un mesmo conxunto de institucións, crenzas e costumes: a cristiandade. Pero é imprescindible reter o seguinte: contrariamente aos outros dous monoteísmos, o xudeu e o musulmán (os monoteísmos son relixións que cren nun só deus, que é un deus todopoderoso), os cristiáns repartían o poder exercido na terra entre, por unha banda, a Igrexa (o chamado poder «espiritual») e, pola outra, os xefes laicos (o chamado poder «temporal»), ou sexa, entre o papa, por un lado, e os emperadores e os reis polo outro.

Le Goff, J. *La Edad Media explicada a los jóvenes*.

No século XI produciuse a conquista de Xerusalén (Terra Santa) polos turcos, que practicaban o Islam e prohibiron o acceso de peregrinos cristiáns á cidade. En consecuencia, o papa Urbano II lanzou un chamamento a toda a Cristiandade a participar en expedicións militares para recuperar Terra Santa: as [cruzadas](#).

Campeñiños, cabaleiros e relixiosos participaron de forma entusiasta nestas campañas movidos pola súa fe -ademais de recuperar os lugares sagrados, o papa prometera a absolución dos pecados-, pola ansia de gloria e aventuras, ou pola pretensión de alcanzar riquezas.

Para saber máis...

Arenga do papa Urbano II a unha multitude congregada no exterior da catedral de Clermont (primeira cruzada):

«Os vosos irmáns que viven no Oriente requiren urxentemente da vosa axuda, e vós debedes esmerarvos para outorgarlles a asistencia que lles foi prometida. Xa que, como oiríades, os turcos e os árabes atacáronos e conquistaron vastos territorios da terra de Romanía (o Imperio bizantino), tan ao oeste como a costa do Mediterráneo e o Helesponto (o estreito de Dardanelos), o cal é chamado o Brazo de San Xurxo.

Han ir ocupando cada vez máis e máis os territorios cristiáns, e vencéronos en sete batallas, matando e capturando a moitos, e destruíron as igrexas e devastaron o imperio. Se vós, impuramente, permitides que isto continúe sucedendo, os fieis de Deus seguirán sendo atacados cada vez con máis dureza.

En vista disto, eu, ou máis ben o Señor, desígnavos como heraldos de Cristo para anunciar isto en todas partes e para convencer a xentes de todo rango, infantés e cabaleiros, ricos e pobres, para asistir prontamente a aqueles cristiáns e destruír a esa raza vil que ocupa a terra dos nosos irmáns. Digo isto para os que están presentes, pero tamén se aplica a aqueles ausentes. Máis aínda, Cristo mesmo ordénao.»

Discurso de Urbano II no concilio de Clermont de 1095, segundo Fulquerio de Chartres.

Entre os séculos XI e XIII organizáronse ata oito cruzadas, das cales as máis importantes foron a **primeira cruzada** coa toma de Xerusalén e creación de Estados latinos como o Reino de Xerusalén, e a **terceira cruzada**, na que participaron os monarcas europeos máis poderosos e conseguiron poder peregrinar libremente a Xerusalén.



Mapa da primeira cruzada (1096-1099).



Na terceira cruzada (1189-1192) participaron os monarcas

● europeos máis poderosos.

Aínda que non lograran o obxectivo principal de tomar Xerusalén, as cruzadas trouxeron importantes **consecuencias**:


- Expandiron a Cristiandade occidental ao Oriente, impulsando a creación de ordes relixiosas coa función de defender a fe católica por medio das armas.
- Abriron novas rutas para o comercio mediterráneo con Oriente, polo que beneficiou fundamentalmente ás cidades italianas (Venecia, Xénova, Florencia, Pisa, etc.).
- Produciuse un intercambio cultural con Oriente e as exploracións impulsaron os coñecementos xeográficos.

Actividades

1. Sintetiza a información esencial das cruzadas nun esquema.

- a. Cronoloxía:
- b. Organizadas por:
- c. Participaban:
- d. Causas:
- e. Consecuencias:

2. Por que a expansión agraria e comercial favoreceu a consolidación das ordes monásticas?



3. Le detidamente o texto de Urbano II chamando á primeira cruzada e extrae del as seguintes informacións.

— Na Idade Media, todos os países de Europa eran cristiáns, e o xefe dos cristiáns era o papa, que residía en Roma. A xente, tiña xa conciencia desta unidade?

— Aproximadamente a partir do século XI, os cristiáns organizaron, en común, expedicións contra os musulmáns en Palestina para reconquistar os «Santos Lugares», onde Cristo morrera e resucitara. Foron as cruzadas, que tiveron lugar entre 1095 e 1291, data da caída do último bastión cristián en Palestina, San Xoán de Acre. Os homes e as mulleres da Idade Media tiveron entón o sentimento de pertencer a un mesmo conxunto de institucións, crenzas e costumes: a cristiandade. Pero é imprescindible reter o seguinte: contrariamente aos outros dous monoteísmos, o xudeu e o musulmán (os monoteísmos son relixións que cren nun só deus, que é un deus todopoderoso), os cristiáns repartían o poder exercido na terra entre, por unha banda, a Igrexa (o chamado poder «espiritual») e, pola outra, os xefes laicos (o chamado poder «temporal»), ou sexa, entre o papa, por un lado, e os emperadores e os reis polo outro.


Le Goff, J. *La Edad Media explicada a los jóvenes*.

Identifica os motivos polos que se chama á organización da cruzada.

4. Que tipo de xustificación emprega no texto?

5. A que grupos sociais se convoca a participar?

6. Localiza no mapa das cruzadas as referencias xeográficas citadas no texto.



7. Identifica cales das seguintes afirmacións sobre as cruzadas son verdadeiras e cales falsas.

a. Foron expedicións militares para conquistar A Meca (Terra Santa).

Verdadeiro

Falso

b. Só podían participar os membros dos estamentos privilexiados: clero e nobreza.

Verdadeiro

Falso

c. Empregouse, como xustificación, a vontade de Deus, aínda que moitos participaron buscando gloria e riquezas.

Verdadeiro

Falso

d. Estimularon os intercambios culturais e os coñecementos xeográficos.

Verdadeiro

Falso

e. Expandiron a fe católica a través de escolas e predicacións.

Verdadeiro

Falso

f. Beneficiaron as cidades comerciais italianas.

Verdadeiro

Falso

8. Relaciona os termos da primeira columna coas explicacións da segunda.

A Reforma Gregoriana

Foi a máis poderosa orde monástica da Europa medieval.

A orde de Cluny

Organizou a primeira cruzada que culminou coa toma de Xerusalén.

A orde do Císter

Afirmou a superioridade do papa sobre reis e emperadores.

As ordes mendicantes

Levaban unha forma de vida austera.

A orde dos Templarios

Instaláronse nos arrabaldes das cidades e atendían a enfermos e necesitados.

O papa Urbano II

Foi unha orde militar e participaron nas cruzadas.

Ao peche

Que aprendiches?

1. Completa no teu caderno este esquema.

Avalíate

2. Marca todas as respostas que consideres correctas en cada caso.

A Igrexa católica durante a Idade Media Plena...

- Foi controlada polos grupos urbanos enriquecidos (burgueses).
- Afirmou a súa superioridade fronte aos poderes temporais.
- Expandiuse cara Oriente a través das cruzadas.
- Enriqueceuse grazas ao control das rutas comerciais.

3. As cruzadas foron expedicións militares...

- Organizadas por papas como Urbano II.
- Co obxectivo principal de facerse con botíns de guerra en Terra Santa.
- Nas que só podían participar os cabaleiros, pois eran os que tiñan armas.
- Xustificadas pola vontade de Deus.

4. As ordes monásticas durante a Plena Idade Media...

- Debilitáronse a causa do crecente poder real.
- Aumentaron os rendementos nas súas terras e venderon os excedentes nos mercados.
- Vivían rodeados de luxo (cistercienses), ou nos arrabaldes das cidades (cluniacenses).
- Construíron mosteiros e conventos.

5. Indica de que grupo social estamos a falar en cada caso.

Monarcas	Vivían en barrios separados nas cidades en función da súa procedencia relixiosa.
Xudeus	Dedicábanse á artesanía e o comercio nas cidades.
Xudeus e musulmáns	Aumentaron o seu poder buscando o apoio das cidades e os burgueses.
Patriciado urbano	Traballaban nos obradoiros e organizábanse en gremios.
Campesiños	Acapararon progresivamente o poder nos concellos.

Artesáns

Vendían os seus excedentes nos mercados semanais urbanos.

6. Completa o texto coa palabra correspondente.

A Idade Media Plena foi un período de expansión xeneralizada. No campo, o aumento da produción permitiu obter ____ que se vendían nos ____ das cidades. A consecuencia foi a reactivación do ____ e a aparición de novos oficios como os ____ . Os ____ aproveitaron o auxe urbano para afianzar o seu poder fronte ao dos ____ .

Debido ao crecente poder económico dos ____ ,

os monarcas permitíronlles participar nas asembleas representativas do reino e así xurdiron os ____

7. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. As ordes mendicantes asistían a enfermos e necesitados.

Verdadeiro

Falso

-
- b. As primeiras Universidades xurdiron nos inicios da Idade Media Plena (século IX).

Verdadeiro

Falso

-
- c. Os burgueses adquiriron nas escolas e Universidades os coñecementos necesarios para as súas actividades.

Verdadeiro

Falso

d. Os campesiños acudían ás feiras internacionais para venderen os seus excedentes.

Verdadeiro

Falso

e. Os monarcas afirmaron a súa autoridade grazas á entrega de feudos á nobreza.

Verdadeiro

Falso

f. Os campesiños, enriquecidos pola venda de excedentes, participaron nas primeiras Cortes ou Parlamentos.

Verdadeiro

Falso

g. A cidade medieval estaba amurallada e presentaba un trazado irregular.

Verdadeiro

Falso

h. As cruzadas favoreceron os intercambios culturais con Oriente e os coñecementos xeográficos.

Verdadeiro

Falso

- i. Os centros comerciais máis importantes foron as cidades do norte de Italia (ámbito mediterráneo) e as cidades flamengas (ámbito atlántico).

Verdadeiro

Falso

8. Relaciona os elementos da primeira columna coas consecuencias que se mostran na segunda columna.

Diminución das guerras e a ausencia de epidemias.

Aparición de excedentes dedicados ao comercio.

Aumento dos rendementos agrarios.

Aparición de innovacións como o tear horizontal ou os altos fornos.

Reactivación dos intercambios comerciais.

Redución da mortalidade catastrófica.

Incremento da demanda de produtos manufacturados.

Xurdimento de institucións para o seu goberno: Concellos.

Xurdimento do oficio de mercador con intereses particulares.

Creación de corporacións como a Hansa.

Florecemento das cidades.

Organización de feiras internacionais.

9. Completa o texto seleccionando a opción correcta en cada caso.

As novas actividades que se desenvolven nas cidades foron a

e o

.

Os artesáns agrupáronse en

para a defensa dos seus intereses. Os comerciantes

crearon corporacións cos mesmos fins, como a . A actividade económica nos burgos beneficiou aos , que emitiron nas que recoñecían os seus privilexios e liberdades, e grazas ao cobro de puideron financiar un aparello burocrático e os seus propios cos que disputar o poder a .

10. Selecciona a resposta correcta segundo cada enunciado.

- a. Movemento de renovación da Igrexa encabezado polo papa León IX no século XI.
- b. Institución representativa do reino na que comezan a participar os burgueses.
- c. Expedicións militares a Oriente co obxectivo de arrebatara Terra Santa aos turcos.
- d. Agrupación de artesáns dun mesmo oficio que supervisa o proceso produtivo.
- e. Orde monástica caracterizada polo seu estilo de vida austero.
- f. Orde monástica máis poderosa coa súa sede na Borgoña.
- g. Documentos onde se recollían os privilexios e liberdades dos nacentes burgos.
- h. Grandes mercados aos que acudían mercadores de distintos países.

Marca todas as respostas que consideres correctas en cada caso.

11. O aumento dos rendementos agrarios...

- Foi posible porque os campesiños traballaban máis horas.
- Produciuse grazas aos coñecementos xurdidos nas Universidades.
- Debeuse á ampliación da terra cultivable a novos sistemas de cultivo.
- Orixinou excedentes que estimularon o comercio urbano.

12. As cidades medievais foron...

- Centros de intercambio de bens agrícolas por produtos manufacturados.
- A base do poder dos grandes señores feudais.
- Progresivamente gobernadas por unha oligarquía (patriciado urbano).
- O lugar onde se instalaron os gremios de artesáns.

13. Os monarcas lograron afianzar o seu poder...

- Grazas a que os campesiños lles entregaban parte da súa colleita.
- Debido ao apoio que lograron dos burgueses.
- A costa dos grandes señores feudais.
- Porque eran propietarios da maioría das terras.

14. A burguesía como grupo social...

- Xurdiu na Alta Idade Media e consolidouse no século XI.

- Estaba libre da autoridade dos señores feudais.
- Gozou dun crecente poder económico aínda que tiña que pagar impostos.
- Enriqueceuse grazas á entrega das rendas agrarias dos campesiños.

15. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. Os muíños liberaron man de obra agraria que se puido dedicar a actividades artesanais e comerciais.

Verdadeiro

Falso

-
- b. Os mestres artesáns tiñan o seu propio obradoiro e pertencían a un gremio.

Verdadeiro

Falso

-
- c. As melloras na alimentación provocaron un espectacular incremento da esperanza de vida.

Verdadeiro

Falso

-
- d. Mosteiros e conventos situábanse nas principais rutas comerciais xa que a súa actividade fundamental era o intercambio de mercadorías.

Verdadeiro

Falso

e. Os gremios, ademais de supervisar o proceso produtivo, desenvolvían funcións asistenciais.

Verdadeiro

Falso

f. A necesidade de dispor dunha maior cantidade de moeda estimulou a actividade mineira.

Verdadeiro

Falso

16. Localiza e marca o intruso.

a. Estamentos privilexiados

b. Innovacións agrarias

c. Cidades medievais

d. Comercio internacional

e. Clero

Reforza

17. Completa o texto empregando as palabras que aparecen a continuación.

Transporte marítimo ● Campesiños ● Construción

Ferreiro ● Transporte terrestre

Os _____ vendían os seus excedentes nas cidades. A

_____, o que trouxo como consecuencia o auxe urbano.

Nelas establécense os artesáns, que elaboran produtos manufacturados que se distribúen nos mercados urbanos, entre eles estaba o _____.

O comercio local e comarcal empregou o _____, no que apenas se produciron innovacións, mentres o comercio de longa distancia desenvolveuse por vía marítima, é dicir,

_____, favorecido pola aparición de novos instrumentos.

18. Clasifica cada termo no apartado que corresponda.

	Expansión agraria	Crecemento agrario	Renacer urbano	Reactivación comercial
Rotación trienal	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Foro (Carta foral)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Feiras internacionais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Aumento da natalidade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Hansa	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Mellor alimentación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Arado de vesco	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ausencia de epidemias	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Universidade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Roturacións	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Xudaría	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Concello	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Letra de cambio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Banca	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

19. Identifica as causas da expansión durante a Idade Media Plena. Lembra que pode haber máis dunha resposta correcta en cada apartado.

Aumento dos rendementos agrícolas.

Novas formas de enerxía.

Rotación trienal.

Hansa.

Letra de cambio.

20. Reactivación dos circuítos comerciais.

Diminución dos conflitos bélicos e relativa pacificación.

Diminución da mortalidade catastrófica.

Excedentes agrarios.

Maior demanda de produtos de consumo nas cidades.

21. Renacer urbano.

Feiras.

Cruzadas.

Aumento da produción agraria.

Chegada de xentes procedentes do campo.

22. Afirmación do poder real.

Entrega de rendas procedentes da actividade agrícola.

Cobro de impostos ás actividades urbanas.


Cartas forais ou foros.

Exército e aparello burocrático.

23. A Plena Idade Media foi unha etapa de profundas transformacións económicas, sociais e políticas con respecto ao período altomedieval. Sitúa cada idea ou suceso na época que lle corresponde.

	Alta Idade Media (ss. V-X)	Plena Idade Media (ss. XI- XIII)
Baixa produtividade.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Innovacións: novo tipo de arado, muíños.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ruralización.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Xurdimento da banca.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Poder dos señores feudais.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Afirmación da superioridade da Igrexa sobre os poderes terreais.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Aumento dos rendementos agrarios.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Tecnoloxía rudimentaria.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Novas actividades: comercio e artesanía.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Economía agraria de		

subsistencia.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Renacer urbano.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Escasez de moeda.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Fortalecemento do poder real.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Cesaropapismo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



Amplía

- 24.** Gústanche os videoxogos? Os seus creadores recorren con frecuencia ao pasado para ambientar as súas historias. Propoñémoste que escollas algún **videoxogo** que se desenvolva na Idade Media e investigues sobre algúns aspectos:

En que tempo histórico e en que lugar se desenvolve a trama?

25. Nárrase algún episodio histórico ou trátase de ficción? E os seus personaxes?

26. Identificas no videoxogo algún contido traballado na unidade? Que información do videoxogo podería completar a unidade?

27. Atopas algún anacronismo ou falta de veracidade? Por que?


28. Pensas que algunha historiadora ou historiador asesorou aos seus deseñadores?

29. Boa parte da antroponimia galega ten orixe medieval. Descarga este [documento](#) do IES San Clemente de Santiago de Compostela e investiga a orixe e significado do teu nome e apelidos.


Actividade de síntese

- 30.** Analiza a evolución das cidades e as fronteiras políticas dos reinos europeos a través de mapas coma [este](#) e dos que viches nesta unidade.


Describe a rede urbana e indica cales son os principais reinos europeos e cales existían daquela no territorio peninsular.



- 31.** Analiza a evolución das cidades en Europa occidental. Que reinos seguen existindo e se consolidaron cara finais do século XIII?



- 32.** Na Plena Idade Media xurdiron institucións para controlar o nivel de violencia que dominara os séculos altomedievais. Investiga neste contexto o significado de *xusta* e *torneo*, e explica de que xeito contribuíron a reducir a violencia na sociedade.



Glosario

Acequia

Canle pola que se conducen augas para irrigar terreos.

Altos fornos

Instalacións metalúrxicas nas que o ferro se funde para facilitar o seu traballo. Substituíron o sistema da forxa, no que o material se modela quentándoo pero sen chegar a fundilo.

Arado de veso (ou normando)

Novo tipo de arado que mellora o tradicional arado romano ao incorporar o ferro en substitución da madeira e rodas para mellorar o seu transporte e equilibrio.

Barbeito

Parte da terra que se deixaba sen traballar durante un período de tempo para que se rexenerase.

Burguesia

Grupo social xurdido na Idade Media Plena que se caracteriza pola súa dedicación a actividades artesanais e comerciais nas cidades, e por non estaren sometidos aos señores feudais.

Canles

Leitos artificiais que conducen a auga cara muíños ou para a irrigación dos terreos.

Coleira

Peza de coiro con recheo de palla que supuxo unha importante innovación xa que a diferenza do xugo, permitía aproveitar toda a forza de tiro do cabalo, que substituíra así o boi.

Drenaxes

Procedemento polo que se evacúa a cantidade sobrante de auga nun terreo, logrando converter pantanos e marismas en terras de cultivo.

Diques

Construcións que protexen unha zona dos asaltos do mar.

Excedente

Parte da produción agraria que sobra unha vez satisfeita a demanda familiar e que habitualmente se destinaba ao comercio.

Foro

Documento que regulaba a vida nas cidades medievais: o cobro de impostos, a administración de xustiza ou a defensa militar. Establecía unha serie de dereitos e liberdades que concedían autonomía aos poboadores dos burgos, liberándoos do sometemento aos señores feudais.

Gremio

Asociacións de artesáns dun mesmo oficio que se agrupan para a defensa dos seus intereses profesionais e a protección dos seus membros.

Hansa

Asociación comercial formada no século XII no norte de Alemaña e as cidades do Báltico para protexer e controlar a actividade mercantil.

Nora

Aparello composto dunha roda que, ao xirar, permite tirar auga dun pozo ou río a través de recipientes de madeira que baixan baleiros e soben cheos.

Monarquía Feudal

Forma de organización política propia da Idade Media Plena que se caracteriza polo fortalecemento da autoridade real fronte ao poder dos señores feudais. Por exemplo: a monarquía normanda de Inglaterra ou os Capeto en Francia.

Monoteísmos

Relixións que cren nun só deus, que é un deus todopoderoso.

Mouraría

Espazo urbano ocupado por poboación de orixe musulmá.

Obradoiro

Lugar onde realizan os seus traballos os artesáns. Na Idade Media, o obradoiro servía ademais como lugar de residencia dos artesáns.

Ordes militares

Institucións relixiosas e militares que agrupaban a cabaleiros cristiáns «metade monxes, metade soldados». Xurdiron no contexto das cruzadas para defender a Terra Santa da ocupación turca.

Ordes monásticas

Asociacións relixiosas de persoas que viven en comunidade nos mosteiros, seguindo unhas regras (votos).

Rotación trienal

Sistema de cultivo que se basea na combinación de cereais de inverno, cereais de primavera e leguminosas. A terra dividíase en tres follas, só unha quedaba inculca (barbeito) e obtíñanse dúas colleitas cada tres anos.

Roturacións

Acción de arar novas terras para convertelas en superficies aptas para o cultivo.

Tear horizontal

Instrumento empregado para a elaboración de tecidos. A diferenza do tradicional (vertical), permitía obter longos tecidos dunha soa peza e de forma estándar.

Xudaría

Barrio ocupado por poboación de orixe xudía.

Ligazóns

Feira Franca de Pontevedra

<http://feirafranca.pontevedra.gal/que-e-a-feira-franca/>

Festa da Istoría de Ribadavia

<http://www.festadaistoria.com/>

Oficios tradicionais galegos

<http://www.fillos.org/biblioteca/category/oficios-tradicionais-galegos/>

Tecnología medieval

https://es.wikipedia.org/wiki/Tecnolog%C3%ADa_medieval#Tecnolog.C3.ADas_civiles

13 innovadores inventos do século XIII

<http://www.blognovo.es/estos-13-inventos-eran-la-tecnologia-mas-innovadora-en-el-siglo-xiii/>

Óptimo climático medieval

https://gl.wikipedia.org/wiki/%C3%93ptimo_clim%C3%A1tico_medieval

A agricultura na plenitude da Idade Media

<https://canal.uned.es/mmobj/index/id/9053>

Open Domesday Book

<http://opendomesday.org/book/kent/01/>

Biografía de Martín Caparrós

https://es.wikipedia.org/wiki/Mart%C3%ADn_Caparr%C3%B3s

A cidade medieval

<http://safeshare.tv/v/QOvY2gzDuvU>

Biografía de Fernand Braudel

https://es.wikipedia.org/wiki/Fernand_Braudel

Instrumentos de navegación en Al-Ándalus

<http://clio.rediris.es/fichas/islannave/instrumentos2.htm>

Feiras de Champaña

https://es.wiki2.org/wiki/Feiras_de_Champa%C3%B1a

A ruta da seda

http://recursostic.educacion.es/kairos/web/temas/Intercambios/intercambios3_0102.html

Viaxar na Idade Media

<http://www.rutasramonllull.com/es/viajar-en-la-edad-media>

O castelo medieval

<http://safeshare.tv/v/ss5731f39dbb671>

O mosteiro de Cluny

http://safeshare.tv/v/ETAyp_pc5Hs

As Cruzadas

http://safeshare.tv/v/_fA22hKqUVw

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Felix Longueira Fafián, Davide Loimil González, Xosé Antón García González.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-122353-5-7